

NOME DA ACTIVIDADE

- **Batalla oral**

ENUNCIADO DA ACTIVIDADE

Imos facer dous grupos e enfrontalos nun debate sobre temas de actualidade. Este debate ten unhas características moi particulares. Os temas debes fixalos vós escribíndoos nun papel e botándoos nunha caixa ou en algo semellante para escoller aleatoriamente.

Escolleredes unha persoa portavoz para cada equipo que debaterá e discutirá co portavoz do equipo contrario. Detrás de cada portavoz sentarase o seu equipo en fileiras, uns detrás dos outros.

O profesorado será o encargado, unha vez elixades ás sortes o tema, de dicir quen defende unha postura e quen defende a outra. E así comeza a actividade.

Os portavoces teredes a axuda dos compañeiros que están detrás e que poden enviavos notas para vós utilizardes durante o debate, aínda que tamén poden dificultar o voso discurso; iso dependerá de vós. Cada compañeiro de cada equipo só pode enviar dúas notas.

MATERIAIS DA FICHA

Exemplos de temas para o debate:

PAPA NOEL VS REIS MAGOS

COSTA OU MONTAÑA

QUE PREFIRES, MÚSICA OU CINE?

CARLOS NÚÑEZ E MERCEDES PEÓN

SOMOS CELTAS OU ROMANOS?

Fórmulas expresivas:

Estou/estamos de acordo, pero penso que tamén...

Creo/cremos que te equivocas, as cousas son doutro xeito porque...

Tes razón, porén penso/pensamos que...

Desculpa pero iso que estás a dicir non é de todo así...

Para min/nós é moito mellor “isto” do que o outro porque...